

# LA RECONQUISTA

[Jonás Trueba, 2016]

# 165

ESTREA EN NUMAX: 17.10.2016 | v.o. | TODOS OS PÚBLICOS

La reconquista (2016, 108')

**Dirección:** Jonás Trueba

**Reparto:** Itsaso Arana, Francesco Carril, Aura Garrido, Candela Recio, Pablo Hoyos

**Montaxe:** Marta Velasco

**Dirección de arte:** Miguel Ángel Rebollo

**Vestuario:** Laura Renau

**Son:** Álvaro Silva Wuth, Eduardo G. Castro

**Música:** Rafael Berrio

**Fotografía:** Santiago Racaj

**Produtora:** Los Ilusos Films (España)

**Distribuidora:** Cine Binario

**Formato de proxección:** DCP 2K, 1.66:1

## FILMOGRAFÍA

*Los exiliados románticos*, 2015

*Los ilusos*, 2013

*Todas las canciones hablan de mí*, 2010

*Cero en conciencia*, 2000 [curtametraxe]

## FESTIVALS

Toulouse 2016

(mellor director e mellor filme),

Donostia 2016 (sección oficial)

## SINOPSE

Manuela e Olmo reencóntranse nun futuro que prometeran quince anos antes, cando eran adolescentes e viviron o seu primeiro amor. A partir desta premisa romántica, *La reconquista* é en realidade un filme en busca do tempo; ou sobre a conciencia do tempo: do tempo perdido e do tempo recuperado; sobre o que lembramos de nós mesmos e sobre o que non lembramos; sobre as palabras, os xestos e os sentimentos aos que seguimos gardando fidelidade, porque nos definen e nos interpelan no presente, o pasado e o futuro.

«Un filme que, como Lázaro, morre e resucita, unha historia de sentimentos para ser pensada, un relato de nostalgia que mira máis ao futuro que ao pasado, que é máis swing ca jazz»

Andrea G. Bermejo. CINEMANÍA



# AULA OS OLLOS VERDES CON JONÁS TRUEBA

«Somos sempre principiantes»

Luns 17 de outubro de 2016 | 17:30

Entrada de balde.

Reservas en comunicacion@numax.org

Duración estimada: 2 horas

## «Gústame camiñar as rúas cos actores e o equipo»

Entrevista a Jonás Trueba

Por Cristina Vega

### De onde che veu a inspiración para esta historia? Foi unha suma de cousas.

O que tento é que todo o que sucede no filme cobre sentido. Apeteciame utilizar cancións de Rafael Berrio, coído que neste caso son moi inspiradoras. Escoitas unha canción e apetécheche facer un filme que soe como ela. Tamén sentín que me apetecía narrar o paso do tempo nun intre, con esta forma que ten o filme de ter capas. Sentín que a forma de construílo era así, e tiña que ser fiel a esa estrutura formal. Pouco a pouco fun creando un filme cos actores e o equipo, non é un guión pechado, gústame camiñar as rúas con todos.

Máis aló de todo iso estaba a idea de traballar o tempo. Máis ca unha historia de amor, apeteciame contar o inicio dun amor, e como este inicio codifícase para sempre. Sobre todo o primeiro amor, ten algo especialmente xenuíno, algo que forma parte do teu ADN. Tamén quería falar das palabras. A veces podes crer unhas palabras e escribilas, e tempo despois non ser quen de estar á altura delas, de correspondelas. O filme vai xurdindo como unha sorte de espiritismo case.

### Como xurdiu a idea de meter unha música de cantautor, máis íntima?

Toda a música pasa polas cancións de Rafael Berrio. Para min é o gran letrista do noso país, é o autor dalgunhas das cancións máis fermosas e poderosas que temos e non é tan coñecido como debera. Gustoume moito o feito de que el, que fai esas cancións con esa voz pasada polo filtro da vida, se apodera dun filme que trata sobre a inxenuidade e a adolescencia, do primeiro amor. Ese contraste entre a voz e a historia forman unha boa irmandade.

Lembro que Rafael me falou dunha canción que fixera a finais dos 90, cando tiña máis ou menos a idade que teño eu agora, e que fala precisamente disto, chámase *Siempre somos principiantes*. Fala dese reencontro. Cando a escoitei cativoume e ao final rematou converténdose case nun emblema do filme. De feito, esa canción escóitase en dúas ocasións: nun cassette dos 90 cando son nenos e hoxe en día nun concerto. Gustábame poder sentir o paso do tempo por medio da voz dun cantante.

### Madrid convértese nun protagonista máis, por que elixiches esta cidade?

É a miña cidade e gústame pensar que non te podes desligar da vida. É un filme como prolongación da túa vida, ou intensificación dela. Ao final, Madrid é onde vivo e é unha cidade que amo. Gústame correspondela cando fago un filme, en concreto ás múltiples emocións que me xera a cidade. No meu día a día gústame imaxinar lugares nos que poder rodar un filme. Ademais, quero reivindicar Madrid como un bo lugar para rodar, algo que se cadra non é tan evidente.

### Nalgunha ocasión dixeches que cando rodas unha escena é porque che gusta revivir momentos ou vivilos a través delas. Que momentos do filme volverás vivir ou vivirías por vez primeira? Supoño que todas as escenas.

Cando as fixen tentaba ser consciente de que as viviría, é dicir, de que non me ía erguer dous días despois e me arrepentir de telo rodado. Polo que supoño que todas teñen algo diso. Non tentei contar a miña propia autobiografía, senón máis ben quixen proxectarme en intres que poderían ter sido ou que me gustaría que tivesen sido doutro xeito ou que non fosen. Dalgún xeito, cando rodas a escena pasas tanto tempo con ela no set e na sala de montaxe, que ao final parece que tamén a estás vivindo. Nesta fita hai varios momentos nos que me gustaría proxectarme, como toda a parte da adolescencia, aínda que non é a miña adolescencia, sintoa moi próxima.

Publicado en [www.sensacine.com/](http://www.sensacine.com/)  
Tradución ao galego: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX  
OS LIBROS DE JONÁS TRUEBA

**Confiado**, Juan Antonio

González Iglesias. Visor, 2015

**Algunos poemas**, Ramón Gaya.

Pre-Textos, 2015

**Escritos y consideraciones sobre el arte**,

Henri Matisse. Paidós, 2010

**La dificultad de ser**,

Jean Cocteau. Siruela, 2006

**La montaña mágica**,

Thomas Mann. Edhasa, 2015

**Ferdydurke**, Witold Gombrowicz.

El cuenco de plata, 2015

**Por qué escribo**, Félix Romeo. Xordica, 2013

**Perseverancia**, Serge Daney. Shangrila, 2015

**Ningún lugar a donde ir**,

Jonas Mekas. Caja Negra, 2008

**El cine de la devoción**,

Nathaniel Dorsky. Lumière, 2013

**El cine, ¿puede hacernos mejores?**,

Stanley Cavell. Katz, 2008

**La hipótesis del cine**,

Alain Bergala. Laertes, 2007

**Pensar entre imágenes**,

Jean-Luc Godard. Intermedio, 2010

**Bresson por Bresson, entrevistas (1943-1983)**,

Robert Bresson. Intermedio 2015

**Casi amor**, Ugo Cornia. Periférica, 2012

**Autorretrato**, Edouard Levé.

Eterna Cadencia, 2016

**El alcohol y la nostalgia**, Mathias Enard.

Random House, 2012

**Le cinema selon François Truffaut**,

François Truffaut

**Los relatos de Basil y Josephine**,

Francis Scott Fitzgerald

Un cinema,  
unha librería  
e un laboratorio  
de gráfica e vídeo

# NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega

Concepción Arenal, 9 baixo

15702 Santiago de Compostela

TELF 981 560 250 | [www.numax.org](http://www.numax.org)

Colaboran:



CONCELLO DE  
SANTIAGO



Deputación  
DA CORUÑA

  
**EUROPA CINEMAS**  
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME